

CANCIÓNS DO MAR

MANOLA Manola é Vendedora ambulante de peixe fresco, variado e abundante, que cando chega aquí, coa súa bucina piii, a xente bota a correr Cara ali... Traio sardiña, xurelo pequeno, pescada do pincho, bonito de burela, fanecas e rapantes, choco de Cesantes, raia , peixe sapo, luras e bacallau. Manola é ... Eses rapantes non me quitan ollo, e canto me levas por esas xoubiñas? faiame un bo prezo que eu ben o merezo, que en tema de cartos vou de mal a peor. Libro-Cd: XIQUI, XOQUE, FIÚ, FIÚ María Fumaça	O MEU BARCO Teño un barco de xoguete e nel me quero embarcar.(bis) Polos mares dos meus soños quen me dera navegar! (bis) Navegarei por mil ríos, sete mares hei cruzar.(bis) No meu barco de xoguete cansarei de viaxar...! (bis) No meu barco de xoguete, mariñeiro e capitán!(bis) Non teño medo ó trebón, nin me asusta o furacán! (bis) O meu barco de xoguete! O meu barco moito val;(bis) verei terras, verei illas, verei mares de coral! (bis) Teño un barco de xoguete... Andei por tódolos mares! xa cansei de navegar. no meu barco de xoguete sen sair do meu fogar! Andei por tódolos mares xa cansei de navegar. no meu barco de xoguete... ...sete mares hei cruzar. Libro-Cd: AIRE - María Fumaça	PEIXES, MOLUSCOS E CRUSTÁCEOS Un patexo, un camarón e unha chirila, bailaban cunha centola e unha mincha, e no medio do baile pasou a xiba: Non vos quero ver bailar nesta cociña! Un xurelo, un ollomol e unha sardiña, Cantaban cun salmonete e unha mincha, e no medio dos saltos pasou a xiba: Non vos quero oír cantar nesta cociña! Unha lura , un boi e unha zamburiña, Saltaban cunha xuliana e unha mincha, E no medio do canto pasou a xiba: Non vos quero oír saltar nesta cociña! Libro-Cd: CANTOS RODADOS Mamá Cabra
---	---	--

TODOS NO MAR Mergullámonos no mar, o día de San Xoán Atopando unha faneca que nadaba a todo gas; A carón de dúas sardiñas, tres cabaliños de mar; Catro centolas tolas... tolas por bailar. Un polbo dirixía esta orquestra singular. Coas oito pata marcaba o compás. E o peixe espada a corda do violín Rachou coa afiada... punta do seu nariz. Todos no mar, dispostos para bailar. Todos no mar, puxéronse a tocar. Unha estrela colleu a súa gaita en dó. Unha xouba marcou o ritmo co tambor. A quenlla preparou o seu acordeón. Os berberechos crechos...cantaron a canción. O polbo percutiu coa batuta no atril E todos preparados para dar comezo así, Á música que encheu de notas o lugar. Sooou a orquestra destra... por todo o mar do Orzán. Todos no mar, dispostos para bailar... Libro-Cd: Un conto ao revés. Chuches Amil.	PEIXIÑOS DO MAR Quero aprender a nadar coma os peixiños do mar. Nadar, nadar.. Eles saben mergullar sen saír a respirar, nadar,nadar.. Un xureliño pequeno poderíame axudar, pero nada amodiño, teño medo de afogar. Xureliño, xureliño, onde me queres levar? Aínda son pequerrechiño para ir embaixo do mar. Quero aprender a nadar coma os peixiños do mar. Nadar, nadar.. Quero aprender a cantar coma os peixiños do mar. Cantar, cantar... Eles saben entoar sen que se poida escoitar. Cantar, cantar... Abro a miña boca, van saíndo algunhas notas que semellan gurguliñas esvaece cando as tocas. De súpeto, chega bailando a medusa que leva tutú e tamén leva blusa... Quero aprender a cantar coma os peixiños do mar. Cantar, cantar... Ameixa , bacallau/ balea , bonito Cabalino de mar/Castañeta, camarón Choco ,congro, escarapote/ estrelamar, faneca Langostino. Linguado/ lirio, lura, mexillón Nécora, ollomol/ peixe sapo, pescada Polbo , rapante/ robaliza e xarda Salmonete, sardiña/ Xurelo, vieira e sanmartiño Todos forman parte do mundo mariño! Libro-Cd: CAMIÑOS- Magín Blanco	O VELEIRO VERDE A terra treme, medran os mares, falan os ventos, todos son sinais. A terra seca, Xa o dí Greta, arde o planeta e haino que salvar. Mais hai un veleiro verde co arco da vella a ondear. Hai un veleiro verde en marcha polo clima sen parar. E os paxaros caen do ceo, medra o desxeo A deforestación. Peixes , baleas Intoxicadas de lixo e plástico que van para o mar. Mais hai un veleiro verde que pregoa un novo mender, hai un veleiro verde para mudar o mundo e renacer. Esta é unha alerta, unha carta aberta que nos di que temos a solución. Fóra a cobiza de Amazonia, o fume negro que asfixia o ar. Mais só temos unha terra e a esperanza verde a navegar. Guerreiras do arco da vella, viremos o rumbo agora xa. E só temos unha terra e a esperanza verde a navegar. Guerreiras do arco da vella, viremos o rumbo agora xa. Libro-Cd: O VELEIRO VERDE. María Fumaça
---	--	---